**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DOCE DE XULLO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

| | |
|---|---|
| Alcalde-Presidente | D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO |
| Tenentes de Alcalde: | D. MANUEL COSTA CARNEIRO |
| | Dª. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA |
| | Dª. DIANA VARELA BARREIRO |
| Escusa asistencia | D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ |
| SECRETARIO: | D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO |

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día doce de xullo de dous mil vinte e tres , baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

1.1.- Instancia núm. 202399900000069 de dona Brígida García Couto. (Expediente núm. 2023/U022/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar S+PB en Nande, 76 - Sales (San Fins) (expediente núm.: 2023/U022/000005), en solo cualificado como "De expansión dos núcleos rurais, N-2", segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Carlos Landeira Caamaño, en calidade de arquitecto, sendo Brígida García Couto a Arquitecta-Técnica e Coordinadora de Seguridade e Saúde, coas seguintes características: altura: menor de 7 metros. Ocupación: inferior ao 30% da parcela neta; un coeficiente inferior a 0,30 $m^2$ de superficie edificable baixo teito por cada $m^2$ de parcela neta e un presuposto de execución material de 130.000,00 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B50210662.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Carlos Landeira Caamaño de data 24/01/2023, número de visado 2300306.3, e anexos de data 20/03/2023.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías, debendo achegar solicitude de autorización de vertedura.
-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel ca vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil seiscentos euros (#2.600,00#)

1.2.- Instancia núm. 202399900000519 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente núm. 2023/U022/000024)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministro eléctrico de 9,2 kW para edificación. Proxéctase unha liña subterránea de baixa tensión con inicio en P.A.S. e final na C.P.M. do solicitante, sendo a canalización da obra de 81 metros; RBTS LUGAR BAZAR, S/Nº (VEDRA) con SGD: 618523040120 en Bazar - Trobe (San Andrés) (expediente núm.: 2023/U022/000024), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais, N-2, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez en calidade de enxeñeira técnica industrial de data 18/05/2023, cun orzamento provisional de 12.678,59 euros.

Dáse conta tamén da declaración responsable presentada en Augas de Galicia, expediente DH.W15.93348, e da conformidade comunicada polo mencionado organismo.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 18/052023.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente "salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible. Poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de douscentos cincuenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos (#253,57#)

1.3.- Instancia núm. 202399900000025 de A. VV. San Pedro. (Expediente núm. 2023/U024/000001)

Dáse conta da citada instancia na que don Luís Carbia Noya, en representación da AA.VV. San Pedro, de San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de construción de muro de contención de aproximadamente 7 metros de longo por 2,60 metros de alto, con bloques de granito de 0,5 m. x 0,5 m. x 2 m. en Sarandón - Sarandón (San Pedro) (expediente núm.: 2023/U024/000001), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don José M. Pena Alonso, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e que cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A506005240000AL.

Dáse conta da autorización outorgada pola Axencia Galega de Infraestruturas no expediente nº: IF204A/AC/2023/0032.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 10/04/2023 e ás condicións xerais e particulares de autorización sectorial outorgada.

3º.- Concederlle a exención das taxas e impostos ao tratarse dunha obra de interese xeral.

1.4.- Comunicación de obra de dona Mª. De los Ángeles Bascoy Lamelas. (Expediente número 2023/U026/000029)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Mª de los Ángeles Bascoy Lamelas para renovación de cuberta de edificación consistente en colocar tella sobre uralita existente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001501200NH43C, emprazada en Casanova, 2 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais, N-1 , e cun prazo de execución de 12 meses.

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e nove euros con sesenta e nove céntimos (#69,69#)

1.5.- Comunicación de obra de ISGAL DE EVENTOS, S.L. (Expediente número 2023/U026/000033)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Pablo Pol Barros, en representación de ISGAL DE EVENTOS, SL para restauración e conservación de cuberta de edificación e peche de parcela nos termos da documentación técnica achegada asinada por Pablo Pol Barros en calidade de arquitecto e de data 24/05/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 7165808NH4376N - 15090A50701179, emprazada en Galegos, 32 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como urbano non consolidado (PEI-4 Eiravedra Expansión) e como Solo urbanizable non delimitado (SUD-6, Unión A Foz – Eiravedra) , e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos doce euros (#312,00#).

1.6.- Comunicación de obra de don Adrián Villa Bermúdez. (Expediente número 2023/U026/000037)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Adrian Villa Bermúdez para cambio de ventás en vivenda unifamiliar.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001000300NH34B emprazada en Paradela, 47 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección forestal, R-3, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.
Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e tres euros con dezaoito céntimos (#133,18#).

1.7.- Comunicación de obra de don Fernando Moure Gamallo. (Expediente número 2023/U026/000038)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Fernando Moure Gamallo para colocación de placas solares sobre cuberta de edificación auxiliar nos termos da documentación técnica achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000202800NH43D, emprazada en Argunte, 16 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais, N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento corenta euros (#140,00#).

1.8.- Comunicación de obra de dona Estefanía Cabanas Barreiro. (Expediente número 2023/U026/000039)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Estefania Cabanas Barreiro para peche perimetral de parcela, con base de pedra, postes e arame, de 300 metros de largo. A base maciza non superará o 1,00 m. de alto e a altura total non superará os 1,80 m. Recuarase 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090C50200729, emprazada en Gándara – Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria, R-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.
Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de catrocentos sesenta e seis euros con noventa e oito céntimos (#466,98#).

1.9.- Instancia de dona María del Carmen Fernández Cabo. (Expediente número 2023/U018/000009)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita declaración de non necesidade de licenza de parcelamento de finca en Galegos - Ribadulla (Santa Cruz), en dúas parcelas resultantes, por distinta clasificación no planeamento vixente no concello de Vedra, e nos termos da documentación técnica achegada asinada por Álvaro Vidal García, en calidade de arquitecto e de data 25/03/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De núcleo rural, N.1 e Solo urbanizable delimitado, SUD-5.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda declarar a non necesidade de licenza de parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Galegos - Ribadulla (Santa Cruz) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de euros (#120,00#).

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

**2º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xuño:

| DECRETO | DATA | ASUNTO |
|---|---|---|
| 367 | 01/06/2023 | Expediente limpeza de fincas en Sales (San Fins) |
| 368 | 02/06/2023 | Aprobación definitiva padrón fiscal taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2023 |
| 369 | 02/06/2023 | Comunicación á Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela da renuncia do concelleiro electo don Eloy J. Iglesias para que remita credencial á seguinte persoa na lista do PSdeG-PSOE |
| 370 | 02/06/2023 | Aprobación definitiva padrón fiscal da taxa de recollida de lixo do exercicio 2023 |
| 371 | 05/06/2023 | Concesión praza no Programa Conxuga, curso 2022/2023 a ECM |
| 372 | 05/06/2023 | Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da subvención para o fomento de emprego (Aprol Rural 2022 |
| 373 | 05/06/2023 | Aceptar bonificación do 15% no canon unitario de tratamento de residuos urbanos para o exercicio 2023 e minorar os recibos aos contribuíntes en concepto de bonificación canon Sogama 2023 na taxa de recollida de lixo |
| 374 | 05/06/2023 | Venda de madeira cortada en parcela municipal por paso de liña eléctrica (REf . Catastral 15090A506020000000AI) a Maderas C. Lata, S.L (Exp. 2023/G003/000395) |
| 375 | 05/06/2023 | Reincorporación na EIM curso 2022/2023 tras suspensión temporal de LJV |
| 376 | 06/06/2023 | Aprobación solicitude de subvención (Plan Corresponsables) |
| 377 | 06/06/2023 | Listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no Programa Conxuga (ludoteca de verán 2023) |
| 378 | 06/06/2023 | Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 25 de Quintáns –San Xián de Sales |
| 379 | 06/06/2023 | Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 27 de Galegos -Vilanova |
| 380 | 06/06/2023 | Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 41 de Quintáns –San Xián de Sales |
| 381 | 06/06/2023 | Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 20 de Quintáns –San Xián de Sales |
| 382 | 06/06/2023 | Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 3 de Neira de Arriba- San Mamede de Ribadulla |
| 383 | 06/06/2023 | Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 65 de Paradela –San Xián de Sales |
| 384 | 06/06/2023 | Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 14 de R/Alcalde Fco. Carrillo –Santa Cruz de Ribadulla |
| 385 | 06/06/2023 | Aprobación definitiva de Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Vedra |
| 386 | 07/06/2023 | Autorizando vacacións solicitadas por persoal municipal |
| 387 | 07/06/2023 | Aprobación concesión directa á ANPA Val do Ulla –CRA Boqueixón –Vedra para festival de fin de curso |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

| | | |
|---|---|---|
| 388 | 07/06/2023 | Adxudicación contrato de Reforma de piscina municipal de Vedra (Exp. 2023/C002/000022) a Construcciones Icafer, S.L |
| 389 | 07/06/2023 | Aprobación e orde de pagamento de nóminas correspondentes á paga extraordinaria do mes de xuño |
| 390 | 07/06/2023 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 391 | 09/06/2023 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de madrugadores, correspondente á mensualidade de xuño |
| 392 | 09/06/2023 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, correspondente á mensualidade de xuño |
| 393 | 12/06/2023 | Alta no servizo de comedor da EIM, curso 2023/2024 de EDD |
| 394 | 12/06/2023 | Convocatoria sesión extraordinaria de constitución de corporación e elección de Alcalde (17/06/2023) |
| 395 | 13/06/2023 | Expediente de limpeza de parcela |
| 396 | 13/06/2023 | Aprobación convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón e Vedra en materia de xuventude e voluntariado |
| 397 | 15/06/2023 | Autorización reversión redución xornada de traballo por coidado de menor de 12 anos a traballadora municipal |
| 398 | 15/06/2023 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 399 | 15/06/2023 | Altas e modificacións no padrón municipal de habitantes |
| 400 | 15/06/2023 | Alta no servizo de comedor da EIM, curso 2023/2024 de OSR |
| 401 | 15/06/2023 | Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, curso 2022/2023 a YVQ |
| 402 | 15/06/2023 | Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, curso 2022/2023 a YVQ |
| 403 | 15/06/2023 | Baixa no Programa Conxuga, curso 2022/2023 de LFB |
| 404 | 15/06/2023 | Baixa no Programa Conxuga curso 2022/2023 de MDN |
| 405 | 15/06/2023 | Baixa no Programa Conxuga curso 2022/2023 de MDN |
| 406 | 15/06/2023 | Aprobación listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no Programa Conxuga , modalidade ludoteca de verán 2023 |
| 407 | 15/06/2023 | Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a RVC |
| 408 | 15/06/2023 | Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a JMFM |
| 409 | 15/06/2023 | Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a LSG |
| 410 | 15/06/2023 | Cambio copagamento aplicación IVE (4º) ao usuario do SAF-libre concorrencia LSG |
| 411 | 16/06/2023 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente á mensualidade de xuño |
| 412 | 16/06/2023 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM (concepto de comedor e material) correspondente á mensualidade de maio |
| 413 | 16/06/2023 | Cambio de domicilios no padrón municipal de habitantes |
| 414 | 20/06/2023 | Adxudicación contrato de Asistencia técnica xestión e dinamización do espazo coworking A Estación, adherido á Rede Provincial (Exp. 2023/C004/000001) |
| 415 | 20/06/2023 | Devolución aval constituído por Ángel González para responder da execución do contrato de servizos Prestación do |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

| | | |
|---|---|---|
| | | servizo de asesoramento a empresas e emprendedores dentro do Programa posta en marcha e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación (Exp. 2021/C004/000003) |
| 416 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Divarian Propiedad S.A |
| 417 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Parque Vedra S.Coop. Gallega |
| 418 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Bograo, S.L |
| 419 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Invardía S.L |
| 420 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Fomento |
| 421 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Patrimonio del Estado |
| 422 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Mª. Jesús Cabo de la Fuente |
| 423 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra –Herederos de Josefa Fortes Bahamonde |
| 424 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra –Herederos de José Nodar Teira |
| 425 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra –Herederos de Carmen Abeijón Romero |
| 426 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra –Herederos de José García Pazos |
| 427 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra –Jorge Pazos Cerdeira |
| 428 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra – Braulio Pérez Iglesias |
| 429 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra –Herederos de Dolores Vázquez Mareque |
| 430 | 20/06/2023 | Delegación Alcaldía a favor de Xosé A. Pose Rodríguez para celebrar matrimonio civil o 23/06/2023 |
| 431 | 20/06/2023 | Liquidación en concepto de cota urbanística correspondente aos gastos SUND.4 Parque Empresarial de Vedra –Herederos de Jesús José Nodar Tallón |
| 432 | 20/06/2023 | Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán 2023 a AAF |
| 433 | 20/06/2023 | Baixa na EIM, curso 2022/2023, de LJV 20/06/2023 |
| 434 | 20/06/2023 | Altas no padrón municipal de habitantes |

| | | |
|---|---|---|
| 435 | 20/06/2023 | Expediente limpeza de finca en Reboredo –Ponte Ulla |
| 436 | 20/06/2023 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da viaxe xuvenil a Torremolinos do 03-09/07/2023 |
| 437 | 20/06/2023 | Arquivo de expediente de solicitude de praza na EIM curso 2023/2024 de NCB |
| 438 | 20/06/2023 | Proposta de creación de Comisións Informativas Permanentes , composición e funcionamento |
| 439 | 20/06/2023 | Designación membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Vedra |
| 440 | 20/06/2023 | Nomeamento de Tenentes de Alcalde do Concello de Vedra |
| 441 | 21/06/2023 | Alta no SAF –Libre concorrencia de MPF |
| 442 | 21/06/2023 | Delegacións especias de servizos a favor de concelleiros/as do equipo de goberno |
| 443 | 21/06/2023 | Alta no SAF-Libre concorrencia de MPV |
| 444 | 21/06/2023 | Expediente lei de incendios (Matelo –San Xián) |
| 445 | 21/06/2023 | Alta no SAF- Libre concorrencia de JLC |
| 446 | 21/06/2023 | Ampliación intensidade SAF-Libre concorrencia a CMP |
| 447 | 22/06/2023 | Baixa no SAF-Libre concorrencia de MCG por paso de SAF dependencia |
| 448 | 22/06/2023 | Convocatoria pleno extraordinario do 28/06/2023 (Artigo 38 do ROF) |
| 449 | 23/06/2023 | Aprobación do Fondo de Acción Social do 1º período de 2023 (R.E. de 01.12.2023 ao 31.05.2023) |
| 450 | 23/06/2023 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.15 por importe de 175.295,34 euros |
| 451 | 23/06/2023 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 452 | 26/06/2023 | Altas concelleiros/do equipo de goberno en TEDeC |
| 453 | 26/06/2023 | Baixa de oficio no SAF de JMFM tras suspensión temporal |
| 454 | 26/06/2023 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2023.13 por importe de 11.896,97 euros |
| 455 | 26/06/2023 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2023.14 por importe de 2.635,52 euros |
| 456 | 27/06/2023 | Pagamento sentenza 153/22 relativa á demanda de Mª. Jesús Rosende Otero presentada no Xulgado Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela (Procedemento despido/cese en xeral 355/2022) por despido improcedente |
| 457 | 27/06/2023 | Aprobación nóminas correspondentes ao mes de xuño |
| 458 | 27/06/2023 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 459 | 27/06/2023 | Expediente de limpeza de finca en Francés –San Pedro de Vilanova |
| 460 | 28/06/2023 | Ampliación intensidade SAF –Libre concorrencia de LSG |
| 461 | 28/06/2023 | Aprobación expediente de modificación de créditos nº 8/2023 (xeración vinculada á subvención para adquisición de novidades editoriais) |
| 462 | 29/06/2023 | Adxudicación contrato de Xestión da piscina municipal tempada de verán 2023 (Exp. 2023/C002/000023) |
| 463 | 29/06/2023 | Adxudicación servizo de vixilancia e alugamento de caiac na área recreativa de Agronovo tempada de verán 2023 (01/07 - 31/08) (Exp. 2023/C002/000024) |
| 464 | 29/06/2023 | Autorizándolle ao Club Olímpico de Vedra o uso de |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

| | | |
|---|---|---|
| | | determinadas instalacións municipais para o III Campus Multideporte |
| 465 | 29/06/2023 | Autorizándolle á Asociación Medioambiental Amabul o uso da piscina e a actividade de piraguas para a realización da Escola de Verán 2023 |
| 466 | 29/06/2023 | Expediente de reposición da legalidade por obras de peche de parcela en Cumbraos – Vilanova |
| 467 | 29/06/2023 | Autorizándolle á ANPA do CEIP Ortigueira o uso da piscina e a actividade de piraguas para a realización do Campamento de verán ACAMPARTE 2023 |
| 468 | 30/06/2023 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 469 | 30/06/2023 | Autorizándolle á Asociación Cultural e de Festexos San Cristobal de Merín a realización de caravana de vehículos o día 9 de xullo polas vías municipais |
| 470 | 30/06/2023 | Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2023/2024, a NGL |
| 471 | 30/06/2023 | Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2023/2024, a RCT |
| 472 | 30/06/2023 | Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2023/2024, a RRB |
| 473 | 30/06/2023 | Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2023/2024, a AGC |
| 474 | 30/06/2023 | Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2023/2024, a JFC |
| 475 | 30/06/2023 | Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2023/2024, a IRQ |
| 476 | 30/06/2023 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento (Concepto non orzamentario 40100), incluídos na relación de facturas F.2023.16 por importe de 4.212,56 euros |
| 477 | 30/06/2023 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes |

A Xunta de Goberno dáse por informada.

**3º.- Outros asuntos**

Non se presentan

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos